

RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DE PRAZAS DE RESIDENCIA E COMEDOR NOS CENTROS DE FORMACIÓN E EXPERIMENTACIÓN AGRARIA DA AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA CORRESPONDENTE AO SEGUNDO PRAZO DE PRESENTACIÓN SE SOLICITUDES

ANTECEDENTES

1. O 19/07/2021 publicouse no DOG unha resolución pola que se convocaron as prazas de residencia e comedor nos centros de formación e experimentación agraria (CFEA) para o curso académico 2021/22.
2. O día 06/09/2021 rematou o segundo prazo para a presentación de solicitudes para as prazas de residencia en pensión completa e as prazas de comedor para o curso completo.
3. Transcorrido o segundo prazo de presentación de solicitudes (do 2 ao 6 de setembro de 2021), comprobouse que o número destas foi inferior ao número de prazas ofertadas, polo que estas poden ser adxudicadas a todos os solicitantes que cumpran cos requisitos establecidos.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICA

1. Resolución do 5 de xullo de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras do procedemento de adxudicación de prazas de residencia e comedor nos centros de formación e experimentación agraria e se convocan para o curso académico 2021/22 (código de procedemento MR207A) (DOG nº 136, do 19 de xullo de 2021).

O director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal) é competente para resolver segundo o artigo 12 da antedita resolución do 5 de xullo de 2021.

De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

A adxudicación definitiva das prazas de residencia correspondente ao segundo prazo de presentación de solicitudes nas modalidades residencia en pensión completa e comedor para o curso completo dos centros de formación e experimentación agraria de Becerreá, Lourizán, Pedro Murias e Sergude segundo figura no anexo desta resolución.

Conforme ao artigo 12 da resolución do 5 de xullo de 2021, esta resolución será publicada na páxina web da Consellería do Medio Rural e no taboleiro de anuncios do centro correspondente.

De acordo co artigo 4 da resolución do 5 de xullo de 2021 as persoas beneficiarias destas prazas de residencia están suxeitas aos prezos públicos previstos na normativa aplicable que serán satisfeitos na forma e prazos establecidos.



Contra esta resolución que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante o presidente da Agacal, no prazo dun mes desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela

José Luis Cabarcos Corral

Director da Agacal

Asinado dixitalmente



ANEXO: ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DE PRAZAS DE RESIDENCIA E COMEDOR NOS CENTROS DE FORMACIÓN E EXPERIMENTACIÓN AGRARIA DA AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA

1. Centro de Formación e Experimentación Agraria de Becerreá

(Non hai solicitudes)

2. Centro de Formación e Experimentación Agraria de Lourizán

	<i>Apelidos e Nome</i>	<i>Tipo de praza</i>
1	Vidal Gándara, Miguel	Residencia en pensión completa

3. Centro de Formación e Experimentación Agraria de Pedro Murias

(Non hai solicitudes)

4. Centro de Formación e Experimentación Agraria de Sergude

	<i>Apelidos e Nome</i>	<i>Tipo de praza</i>
1	Losada Seoane, Elvira	Comedor para curso completo
2	Iglesias López, Carla	Comedor para curso completo

